

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 30 de outubro de 2017 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 26 de outubro de 2017, polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia o Descenso Internacional do Miño (Pontevedra), o Mercado Medieval de Mondoñedo (Lugo) e a Semana Santa de Mondoñedo (Lugo).

En cumprimento do disposto no artigo 18 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, a Dirección da Axencia Turismo de Galicia dispón que se publique no *Diario Oficial de Galicia* o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 26 de outubro de 2017, que a seguir se transcribe:

«Declarar festas de interese turístico de Galicia, de conformidade co establecido no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, as seguintes:

- Descenso Internacional do Miño (Pontevedra).
- Mercado Medieval de Mondoñedo (Lugo).
- Semana Santa de Mondoñedo (Lugo)».

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2017

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

